



Resultados do estudo levado a cabo pola
Consellería de Medio Rural, en colaboración coa
Federación Galega de Caza

Durante a temporada de caza 2008/2009, a través da colaboración entre a Xunta de Galicia e a FGC, levouse a cabo un estudo sobre a xenética do coello de monte en Galicia.

Vicente Piorno




A Xenética do Coello de Monte en Galicia

Neste estudio foi decisiva a colaboración dos cazadores galegos, que proporcionaron mostras dos coellos cazados en distintos tecores espallados pola xeografía galega. Os resultados foron altamente satisfactorios, obténdose un alto número de mostras cubrindo todo o territorio galego, o que proporcionou unha imaxe clara da situación xenética da especie na nosa comunidade.


¿PORQUÉ SE FIXO O ESTUDO?

Como é ben sabido, unha das principais respostas dos titulares dos tecores ante a escasez de coello veñen sendo as repoboacións. Esta medida, que se se leva a cabo co debido coidado pode contribuír a recuperar os coellos dos lugares onde desapareceu, tamén pode ter consecuencias prexudiciais. Estes efectos negativos prodúcense principalmente se se soltan animais de mala calidade. Este estudio fíxose considerando esta situación, para axudar a decidir cal é a mellor procedencia dos coellos para as soltas.


Por unha banda, ¿é unha boa idea soltar nas poboacións galegas coellos traídos doutras partes de España? Solo deberíamos soltar en Galicia coellos moi semellantes os de aquí, para non comprometer a adaptación dos coellos galegos ao seu medio. Por iso, para responder a esta



Distribución xeográfica dos Tecores muestreados. O círculo en cada Tecedor ten un diámetro proporcional ao número de mostras obtidas nel.



Proporción dos disitintos grupos de haplotipos nas 4 provincias (verde, liña A; amarillo, haplotipos Bv; vermello, haplotipos B3).



Proporción dos coellos de orixen doméstico (vermello) e salvaxe (azul) en Galicia e nas catro provincias.



pregunta é preciso coñecer as características xenéticas dos coellos galegos e comparalas coas doutras zonas.

Por outra parte, ¿qué está pasando coas soltas dos coellos criados en cativeiro? Moitos tecores soltan coellos criados en granxas ou cercados. Esta procedencia pode ser boa se se empregan coellos de monte adaptados as condicións locais. Pero tense constancia de que en certos casos o que se está a empregar son cruces con coello doméstico. Como o coello doméstico reproducéase máis, é máis rentable a súa cría. Pero estes coellos non están adaptados ao medio silvestre, polo que as soltas serán menos eficaces, e incluso perxudiciais para os coellos de monte locais. Con este estudio preténdese tamén avaliar como de estendido está o emprego destes coellos híbridos.

¿CÓMO SE FIXO O ESTUDIO?

Durante a temporada de caza 2008/2009, coa axuda da Federación Galega de Caza, pediúselles aos cazadores de 27 tecores das catro provincias galegas que cortasen un pequeno anaco de orella aos coellos que cazasen e o remitisen conservado en alcohol. Coas modernas técnicas de caracterización xenética esta mostra é suficiente para coñecer en detalle as características destes coellos. A resposta dos cazadores foi realmente boa, obténdose un total de 421 mostras procedentes de toda a xeografía galega, o que permitiu obter unha imaxe moi satisfactoria das características xenéticas dos coellos galegos.

As mostras obtidas polos cazadores foron analizadas polo CIBIO-ICETA, da Universidade de Oporto, un centro de referencia nos estudos xenéticos do coello de monte. O marcador xenético analizado foi un fragmento do DNA mitocondrial do que se coñece en detalle a súa distribución na península Ibérica. Ademais, este tipo de marcador é moi útil para identificar coellos procedentes de cruces domésticos. Estes marcadores transmitíense por vía materna, e na orixe dos coellos híbridos atópase sempre unha femia doméstica. Por iso, os coellos híbridos



Cos resultados obtidos podemos ver a alta porcentaxe de hibridación que temos nos Tecores.

AS MOSTRAS OBTIDAS POLOS CAZADORES FORON ANALIZADAS POLO CIBIOICETA, DA UNIVERSIDADE DE OPORTO

sempre serán distinguibles dos salvaxes presentes orixinalmente no campo, inda que se atopen moi próximos polo emprego reiterado de machos salvaxes na cría en cativeiro. Polo mesmo motivo, mediante estes marcadores é posible seguir o rastro das repoboacións a longo prazo. Inda que coellos repoboados e residentes se reproduzan entre si, os marcadores, transmitidos polas fémias permanecerán identificables.

¿CÁLES FORON OS RESULTADOS A NIVEL DE TODA GALICIA?

Habitualmente considérase que a nivel mundial existen dous grandes grupos xenéticos dentro do coello de monte, denominados A e B. Os resultados da mostraxe realizada indican con claridade que os coellos galegos pertencen ao grupo A. Os coellos galegos son por tanto relativamente parecidos aos coellos portugueses, e en menor medida,



Representantes da Consellería do Medio Rural recolleron as mostras nas instalacións da FGC.



Imaxe das mostras que, coa colaboración dos cazadores, fixo posible levar a cabo o estudo.

OS COELLOS GALEGOS TEÑEN CARACTERÍSTICAS PROPIAS BEN DEFINIDAS SÓ COMPARTIDAS COS DO NORTE DE PORTUGAL

aos coellos andaluces. Polo contrario, atópanse máis alonxados xenéticamente dos coellos de zonas como Castela-León, Castela-A Mancha, val do Ebro ou costa mediterránea.

Pero o anteriormente exposto refírese a situación dos coellos galegos dentro dos grandes grupos en que se divide a especie. Se nos fixamos máis en detalle apréciase que os coellos galegos teñen características propias

ben definidas só compartidas cos coellos do norte de Portugal.

Existe unha forte evidencia de que os coellos do noroeste da Península Ibérica representan unha unidade de xestión diferenciada, ben adaptada ao medio natural característico desta zona, e que non deben ser mesturados con coellos de zonas distintas.

No referente a influencia da cría e catividade nas poboacións galegas

de coello de monte, atopámonos cunha situación un tanto preocupante. En torno á metade dos coellos estudados proceden de cruces con coello doméstico.

Isto revela que os centros de cría galegos usan con moita frecuencia este tipo de reprodutores, e que á súa vez isto está a ter unha importante repercusión nas poboacións en liberdade.

Hai que ter en conta que os coellos domésticos foron seleccionados para proporcionar un alto rendemento nas granxas, pero as condicións en liberdade son moi distintas (predadores, tipo de alimento...). Por este motivo, esta situación constitúe unha ameaza para o coello de monte galego.

¿CÓMO USAR ESTES RESULTADOS PARA MELLORAR A XESTIÓN DO COELLO DE MONTE NA NOSA COMUNIDADE?

Os resultados anteriores aconsellan os seguintes puntos:

–Non traer coellos de fóra de Galicia para o seu uso nas repoboacións, para protexer a adaptación dos nosos coellos as características singulares do noso medio natural.

–Non empregar nos centros de cría coellos procedentes de cruces con individuos domésticos, para evitar que as adaptacións a vida en liberdade se perdan substituídas por adaptacións á vida en granxas.

–Empregar, como único sistema de cría con fins de repoboación, a cría en cercados. Os coellos de monte non se reproducen ben en xaulas. De aí o emprego de híbridos. A cría en cercados permite reproducir coellos locais ben adaptados a liberdade.

–Á hora de realizar repoboacións, ter en conta máis a calidade que a cantidade. É preferible soltar poucos coellos de alta calidade e procedencia axeitada, antes que moitos de calidade baixa. Isto último non só é menos eficaz, se non que pode ameazar aos coellos que quedan no monte.

–Diversificar a xestión. Non basear todas as actuacións nos Tecores nas repoboacións, dándolle máis importancia a outras medidas, como a mellora do hábitat, a regulación da caza ou o control de depredadores. ▀